# LUGO

## INFORMACIÓN CULTURAL E TURÍSTICA 2025

## VENRES 18/07 A XOVES 24/07

Concello de Lugo

Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua






Concello de Lugo

Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua

# LUGO

## INFORMACIÓN CULTURAL E TURÍSTICA

Información elaborada o xoves 17/07. Séguenos nas nosas redes, e segue as redes das entidades, promotores culturais e medios de comunicación locais para as actualizacións correspondentes.

982 297 199

LugoTurismo

culturaturismolugo

LugoTurismo

**ENTRADASLUGO.ES**

**Para recibir este boletín: envía a túa dirección de correo electrónico a 010@lugo.gal Asunto: boletín.**

LUGO

# NOTICIAS

A Praza Maior acolleu a entrega dos premios do **25° Certame de Pintura Rápida ao Aire Libre Cidade de Lugo**, unha das citas máis consolidadas do verán cultural lucense. A actividade, organizada pola Concellería de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, reuniu a decenas de artistas que ao longo da xornada representaron diferentes escenas urbanas e paisaxes da cidade.

O concelleiro Alexandre Penas foi o encargado de entregar os galardóns tras a deliberación do xurado, composto por profesionais das artes plásticas.

As persoas gañadoras desta 25ª edición foron:

- 1º premio (1.600,00 €) e diploma: Manuel Carballeira Rivas
- 2º premio (1.100,00 €) e diploma: Isabell Seidel
- 3º premio (900,00 €) e diploma: Rafael Dueñas Carazo
- Accésit Premio (300,00 €) e diploma: Benigno Rodríguez Sánchez
- Accésit Premio (300,00 €) e diploma: Rafael Carrascal García
- Accésit Premio (300,00 €) e diploma: Diego Manuel Fernández González "Columé"
- Accésit Premio (300,00 €) e diploma: Juan Carlos Triñanes Buceta
- Accésit Premio (300,00 €) e diploma: Andrés Gabarres Cagiao
- Premio artista local (450,00 €) e diploma: Alfredo Hernández Perdomo



# LUGO

AXENDA CULTURAL

Concello de Lugo

Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua















(Acceso libre ata completar cabida)

Concello de Lugo

Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua




(Acceso libre ata completar cabida)

tele-clube

Deputación de Lugo Cultura Vicepresidencia




(Acceso libre ata completar cabida)

tele-clube · Deputación de Lugo · Cultura

## 3 DE XULLO

Praza Anxo Fernández Gómez. 18 h.
Duración: 45-50 minutos
Idade recomendada: Todos os públicos.



### "LLAR"

de Federico Menini.

Llar é un espectáculo no que a arquitectura e as artes circenses se funden coa madeira como elemento central.
O malabarista explora a construción dun refuxio —un espazo seguro e sereno— a través de estruturas feitas con pezas de madeira en equilibrio, creando unha linguaxe visual chea de sorpresa e emoción.
A proposta destaca pola súa orixinalidade, humor, ritmo e técnica refinada, ofrecendo unha experiencia única e innovadora.

PREMIO MELLOR ESPECTÁCULO DE CIRCO
PREMIO MELLOR INTÉRPRETE MASCULINO DE CIRCO
PREMIOS IVC DE LAS ARTES ESCÉNICAS VALENCIANAS 2024

## 10 DE XULLO

Praza Anxo Fernández Gómez. 18 h.
Duración: 45-50 minutos
Idade recomendada: Todos os públicos.



### "PAUSA"

de niMú.

Unha pallasa e moitas maletas.
Un imprevisto viaxe conduciranos a un lugar onde a espera deixará de ser algo aburrido para se converter nun momento de xogo e de imaxinación sen límites.
niMú crea situacións absurdas, improvisadas, envoltas nun ambiente poético grazas ao acompañamento dun violonchelista en vivo.
"Unha PAUSA antes de volver á frenética viaxe que nos leva cara ningunha parte".

PREMIO SORBURU 2023. PROYECTOS EN CREACIÓN DE ARTEKALE

## 17 DE XULLO

Praza Anxo Fernández Gómez. 18 h.
Duración: 45-50 minutos
Idade recomendada: Todos os públicos.



### "CIRCO CAMBACHE"

de Henriko.

Contado en clave de traxicomedia, narra a historia de Kike Castro, o último supervivente dun antigo circo familiar do século pasado: O Circo Cambuche. Cada domingo, Kike visita a vella carpa e revive o pasado dos seus devanceiros funambulistas e o triste final do circo. Incapaz de subir ao arame como na súa infancia, todo cambia cando se lle aparece unha misteriosa muller que lembra á súa avoa, quen lle devolve a valentía. Unha viaxe onírica onde o arame se transforma no fío que une pasado e presente.

## 24 DE XULLO

Praza Anxo Fernández Gómez. 18 h.
Duración: 45-50 minutos
Idade recomendada: Todos os públicos.



### "GLAMPING"

de SU.MA.

Glamping conta a historia de tres amigos con personalidades moi diferentes que deciden compartir unhas vacacións, descubrindo que convivir non sempre é doado. Os conflitos e as tensións xorden no día a día do campamento, e os protagonistas deben aprender a xestionar as diferenzas e buscar solucións creativas. Trátase dun espectáculo de teatro xestual en clave de clown, que combina música, acrobacia aérea, danza e swing, ofrecendo unha mirada divertida e reflexiva sobre as relacións humanas e a arte de convivir.

## 31 DE XULLO

Praza Anxo Fernández Gómez. 18 h.
Duración: 45-50 minutos
Idade recomendada: Todos os públicos.



### "SEN PATRÓN"

de Pistacatro.

Sen Patróns é un espectáculo no que tres malabaristas compiten por controlar o ritmo, creando un caos cómico e fascinante no que as bólas, mazas e diábolos voan sen dono aparente. A través do humor, os xogos de poder e os equilibrios imposibles, os artistas transforman os patróns perfectos dos malabares nunha metáfora sobre a colaboración. Ao final, descubrirán que a verdadeira maxia non está en quen lidera, senón en aprender a xogar e crear xuntos.

# TARDE TARDIÑA



Os xoves de xullo, ás 18 h.
na Praza Anxo Fdez. Gómez

DEPUTACIÓN DE LUGO Cultura
VICEPRESIDENCIA

Concello de Lugo

## 10 DE XULLO

### "Anos vinte século vinte e un"



**Abraham Pérez e Beatriz Dourado**

A consolidación das poéticas de Abraham Pérez e Beatriz Dourado no comezo dos anos vinte do novo século achegan a este recital a fértil mestura da filosofía e o verso como revelación espida da realidade coa evocación sutil e profunda da memoria familiar, a dor que asolaga o mundo e os ecos da infancia. E celebramos a poesía lucense con vocación universal a través de dúas voces que conteñen, como nos aprendeu Audre Lorde, a marca da ferida, pero tamén a marca da resistencia.

## 24 DE XULLO

### "Un furioso silencio" (Homenaxe a Lois Pereiro)



**Antón Reixa, Xosé Manuel Pereiro e Pedro Granell**

O mundo é un lugar peor sen Lois Pereiro. Da man de seu irmán, Xosé Manuel Pereiro (aka Johnny Rotring), frontman de Radio Océano, o Resentido Antón Reixa e o Eskizo underground Pedro Granell, viaxaremos de novo aos versos dun dos referentes da poesía galega contemporánea, nunha calma nerviosa pero prudente. A palabra feita transgresión, a mirada perplexa diante do mundo e a irreverencia psicodélica poñerán a proba a pedra da Muralla. A viaxe é o cumio.

## 17 DE XULLO

### "O premio era o verso"



**Chus Pato e Yolanda Castaño**

Versos na Barraca reúne os dous últimos Premios Nacionais de poesía, Chus Pato e Yolanda Castaño, para o encontro entre o silencio que precede a palabra feita picapeixe e a abordaxe da figura da muller suxeita aos marcos do mundo contemporáneo. A habilidade e o talento na reformulación da interpretación da realidade. Dúas poetas galegas e universais recoñecidas a nivel internacional que navegarán entre a música e a poesía na procura do que non ten nome. Porque o premio era o verso.

## 31 DE XULLO

### "A década das abellas" (Dez anos dez de Apiario)



**Dores Tembrás e Antía Otero**

A delicadeza persistente das abellas é a que obra o milagre do panal. A poesía feita refuxio a través do diálogo preciso coa experiencia de dúas poetas fundamentais, Dores Tembrás e Antía Otero. Á súa ampla traxectoria e recoñecemento nacional e internacional pola calidade da súa obra, súmase a súa labor editorial en Apiario, que vén de cumprir unha década. Dez anos alumeando o camiño con rigor, coidado e olfacto poético. A promesa do arrecendo, o verso feito mel.






O VELLO CÁRCERE


A HEDREIRA | XULLO
XOVES 10 | 20:00 HORAS
OBRADOIRO PODCAST-RADIO
Aprende a editar audios e locutar para podcasts
MARTES 15 | 20:00 HORAS
XUNTANZA ABERTA PARA FORMAR UN GRUPO DE CONSUMO
Posta en contacto para o impulso e intercambio de info
sobre prácticas e produtos ecolóxicos de calidade
LUNS 21 | 20:00 HORAS
ASEMBLEA ABERTA
Achégate e participa
OBRADOIROS
contact
luns | 16:00
TODAS AS ACTIVIDADES DE BALDE
Inscríbete:
(+ info e horarios na web)
Aberto de 20:00 - 22:00
os xoves e venres
Rúa Catasol, 17 (Lugo)
@hedreira | csahedreira@riseup.net
ahedreira.noblogs.org
A Hedreira
centro social


FRIGSA PRODUCTIONS
PRESENTA
VERÁN
NO
MIHL!
FUNCIÓNS: POR SEMANAS
DATAS: 30 XUÑO 5 SEP 2025
PÚBLICO: DE 3 A 12 ANOS
HORARIOS: 9:15 A 13:45
12345
12345
PATROCINA
MIHL
+ INFO no
982297446

# O VELLO CÁRCERE



LUNS A DOMINGO
982 297 195
vellocarcere@lugo.gal
ovellocarceredelugo.gal

## EXPOSICIÓNS PERMANENTES

- **"O Vello Cárcere: da Guerra á posguerra"**
- **"Elas"**, Aurora Marco

## EXPOSICIÓNS TEMPORAIS

- **Espazo EASD Ramón Falcón**, Varios artistas
- **"Soñar o encontro: Cartas ao mar"**, Néstor Goyanes
- **"Descubrindo os recunchos de Lugo"**, Oniel Rodríguez López
- **"Olladas #EMPC. Olladas #INSITU"**, Consello da Cultura Galega

## VISITAS GUIADAS

Edificio + exposición permanente
"O Vello Cárcere: da Guerra á posguerra"

- **VENRES:** 17:30 h
- **SÁBADOS:** 11:15 h e 17:30 h
- **DOMINGOS:** 11:15 h (PÚBLICO FAMILIAR) e 17:30 h

## HORARIO

| | |
|---|---|
| **CENTRO** | **Luns - Sábado:** 11:00 - 14:00 h / 16:00 - 20:00 h<br>**Domingo:** 11:00 - 14:00 h / 16:00 - 19:00 h |
| **BIBLIOTECA** | **Domingo - Mércores:** 11:00 - 14:00 h / 16:00 - 19:00 h<br>**Xoves - Sábado:** 11:00 - 14:00 h / 16:00 - 20:00 h |



A túa universidade pública
Sen nota de corte
Matricúlate
Desde o 3 de xullo
UNED
30 Graos oficiais

PRIMEIRAS CONFIRMACIÓNS CONCERTOS:

# SAN FROILÁN 2025

4–12 OUTUBRO 2025

LUGO

TANXUGUEIRAS

XOEL LÓPEZ

LIA KALI

EL CONSORCIO

GUADI GALEGO

BALA

LUCÍA PÉREZ

VERA FAUNA

BIZNAGA

PATAX

... E MOITAS MAIS!

ÁREA DE CULTURA, TURISMO
E PROMOCIÓN DA LINGUA

Concello de Lugo

# Actividades de **OCIO, DEPORTE** e **FORMACIÓN** de **XUÑO** a **SETEMBRO** de **2025**

**LUGO +XTI** 2025

Non perdas esta oportunidade! **Todas de balde!**

## XIMNASIA DEPORTIVA

Os días **6, 7, 20, 21, 27 e 28 de xuño**, das **18.00 ás 21.30h** na **Casa da Xuventude**.

Para lucenses entre os 14 e 22 anos. 30 prazas por día.

**Actividade aberta.**

## HÍPICA

**Xullo**, de luns a xoves das **9.30 as 13.30h** en Hípica Rancho Grande (Camiño San Cibrao, fronte ao HULA)

Haberá 4 grupos:

- **Do 7 ao 10 de xullo.**
- **Do 14 ao 17 de xullo.**
- **Do 21 ao 24 de xullo.**
- **Do 28 ao 31 de xullo.**

Para lucenses entre os 11 e 17 anos. 6 prazas por grupo.

**Inscricións: www.lugomasxti.org** (pestana Actividades/Inscricións) **entre o 16 e o 27 de xuño.**

## SENDEIRISMO

Das **9.00 ás 13.00** (grupo de mañá) e **das 17.00 ás 21.00h** (grupo de tarde).

- **18 de agosto. Ruta RURAL:** Tramo Camiño Primitivo. Punto de encontro: Porta de Santiago (Muralla Romana).
- **19 de agosto. Ruta NATUREZA:** Ribeiras Río Miño. Punto de encontro: Club Fluvial de Lugo.
- **20 de agosto. Ruta LOCAL:** Paseos Río Rato e Miño. Punto de encontro: Balneario de Lugo.
- **21 de agosto. Ruta DEPORTIVA:** Adai-Bosques máxicos-Ombreiro. Punto de encontro: Igrexa Sta María Magdalena (Adai).
- **22 de agosto. Ruta HISTÓRICA:** Centro ao Barrio da Ponte. Punto de encontro: Porta San Fernando (Muralla Romana).

Para lucenses dos 18 aos 39 anos. 22 prazas por grupo.

**Actividade aberta.**

## BATALLA DE GALOS

**Sábado, 6 de setembro** das **19.30 ás 23.30 h** na praza de **Aguas Férreas.**

**Inscricións:** do 26 de maio ao 22 de agosto en **www.urbantour.es**.

## OCIO CON FAMILIAS

**Das 11.00 ás 21.00h** (10 h diarias). Inclúe comida de balde.

Para familias lucenses. 20 familias por día (cada familia pode incorporar un máximo de 4-5 membros e mínimo de 2).

- **Domingo, 17 de agosto:** Parque de Frigsa (fronte ao Auditorio).
- **Domingo, 24 de agosto:** Paseo do Río Rato (fronte ao Centro de interpretación, ao lado da cafetería).
- **Domingo, 31 de agosto:** Xardín do Pazo de feiras.

**Actividade aberta.**

## MASTERCLASS DE HIP-HOP

Os días **25, 26, 27, 28, 29 e 30 de agosto das 20.00 ás 21.30 h.** na praza de **Augas Férreas.**

Para lucenses entre os 11 a os 17 anos. 60 prazas.

**Actividade aberta.**

## CURSO DE DJ

Os días **5, 7, 19, 21, 26 e 28 de xuño das 18.00 ás 22.00h** na Casa da Música.

Para lucenses de 16 anos en diante. 20 prazas.

**Inscricións: www.lugomasxti.org** (pestana Actividades/Inscricións) **entre o 16 e o 31 de maio.**

## ARTE FLORAL E ARREGLOS FLORAIS

**Xuño, de luns a xoves** (16 días distribuídos en 4 semanas: do 2 ao 5, do 9 ao 12, do 16 ao 19 e do 23 ao 26) **das 16.30 ás 20.30h** na **Casa da Xuventude**.

Para lucenses entre os 20 e 30 anos que teñan a ESO ou equivalente. 22 prazas.

**Inscricións: www.lugomasxti.org** (pestana Actividades/Inscricións) **entre o 16 e o 31 de maio.**

## FOTOGRAFÍA CREATIVA CON SMARTPHONES

Os días **23, 24, 25, 26 e 27 de xuño das 10.30 ás 13.30 h** no **CC Uxío Novoneyra.**

Para lucenses a partir dos 18 anos de idade. 35 prazas.

**Inscricións: www.lugomasxti.org** (pestana Actividades/Inscricións) **entre o 16 de maio e o 16 de xuño.**

**Máis información e inscricións**
**lugomasxti.org**



ORGANIZA E FINANCIA:

MINISTERIO DE SANIDAD · SECRETARÍA DE ESTADO DE SANIDAD · DELEGACIÓN DEL GOBIERNO PARA EL PLAN NACIONAL SOBRE DROGAS

+XTI

Concello de Lugo ALCALDÍA | Xuventude e Deportes

# SÁBADOS +XTI 2025

LUGO +XTI 2025

**Non perdas esta oportunidade! De balde!**
Tés unha cita para facer actividades relacionadas coa **nutrición**, o **deporte**, **ocio**, **arte**, **música**, **pintura**, **cociña**, ***laser tag*** e **moito máis**!



Agardámoste **TODOS OS SÁBADOS** de **ABRIL** a **XULLO**, das 16.30 ás 21.30 h

## ABRIL

**VENRES 11: Expresión artística:** dramatización, teatralización e xogos alternativos
CC Uxío Novoneyra

**SÁBADO 12: Xogos Tradicionais**
Parque Rosalía de Castro

**CAMBIO DE HORARIO**
**SÁBADO 19: Escape Room** sobre os perigos das adiccións: "Conexión perdida"
CC Uxío Novoneyra
Comezo ás 16:30 (inscricións, explicación da actividades e reparto de quendas)
1ª quenda: 17:30-18:30 (15 prazas)
2ª quenda: 18:45-19:45 (15 prazas)

**SÁBADO 26:** Obradoiro de **cociña** saudable e **nutrición**: Rico, saudable e ecolóxico
CC Uxío Novoneyra

## MAIO

**SÁBADO 3:** Obradoiro de **baile e música tradicional** galega
CC Uxío Novoneyra

**SÁBADO 10:** Deportes alternativos: **Rugby**
Campo de Rugby universitario

**VENRES 16:** ***Laser tag***
Exterior da Casa da Xuventude.
(10 participantes en cada grupo: grupo 1 de 16:30 a 18.00, grupo 2 de 18:00 a 19:30, grupo 3 de 19:30 a 21:00)

**SÁBADO 17:** Misión imposible/ **rastrexo** contextualizado no día das **letras galegas**: "O misterio das cantareiras"
CC Uxío Novoneyra

**SÁBADO 24:** Deportes alternativos: ***Flag football***, ***ultimate*** e ***baseball***.
Parque do paseo fluvial do Miño (fronte ao Pazo de Feiras)

**SÁBADO 31:** ***Street work-out*** e adestramento funcional
Parque de calistenia do parque Rosalía de Castro

## XUÑO

**SÁBADO 7:** Obradoiro de **pintura** creativa
CC Uxío Novoneyra

**SÁBADO 21:** Obradoiro de **fotografía** creativa con *smartphone*
CC Uxío Novoneyra

**SÁBADO 27:** Orientación e **rastrexo na natureza**: "O que a natureza nos agocha"
Exterior da Casa da Xuventude

## XULLO

**SÁBADO 5:** Xornada de campionato de **baloncesto 3x3**
Pistas exteriores do Pazo Provincial de Deportes

**SÁBADO 12:** ***Slackline*** e ***Spickeball***
Parque de Saamasas.

**SÁBADO 19: Ruta** de interpretación ao carón do Miño e o Rato
Ponte Romana

**SÁBADO 26: Festa saudable** dinamizada de fin de actividade
CC Uxío Novoneyra

i

**Destinatarios/as:** Lucenses entre 12 e 30 anos.
**Prazas:** 30 en cada actividade, inscrición por orde de chegada.
Os monitores inscriben aos primeiros en chegar!
**Lugar:** o indicado para cada actividade. En caso de choiva, as actividades no exterior substituiranse por outras alternativas que se realizarán no CC Uxío Novoneyra, 2ª planta, sala B (Rúa Quiroga Ballesteros).

**Máis información: 982 297 837 / www.lugomasxti.org**

ORGANIZA E FINANCIA:

MINISTERIO DE SANIDAD
SECRETARÍA DE ESTADO DE SANIDAD
DELEGACIÓN DEL GOBIERNO PARA EL PLAN NACIONAL SOBRE DROGAS

+XTI

Concello de Lugo
ALCALDÍA
Xuventude e Deportes

# Actividades de **OCIO, DEPORTE** e **FORMACIÓN** de **XUÑO** a **SETEMBRO** de **2025**

LUGO +XTI 2025

Non perdas esta oportunidade! **Todas de balde!**

## SENDEIRISMO

**Das 9.00 ás 13.00** (grupo de mañá) e **das 17.00 ás 21.00h** (grupo de tarde).

- **18 de agosto. Ruta RURAL:** Tramo Camiño Primitivo. Punto de encontro: Porta de Santiago (Muralla Romana).
- **19 de agosto. Ruta NATUREZA:** Ribeiras Río Miño. Punto de encontro: Club Fluvial de Lugo.
- **20 de agosto. Ruta LOCAL:** Paseos Río Rato e Miño. Punto de encontro: Balneario de Lugo.
- **21 de agosto. Ruta DEPORTIVA:** Adai-Bosques máxicos-Ombreiro. Punto de encontro: Igrexa Sta María Magdalena (Adai).
- **22 de agosto. Ruta HISTÓRICA:** Centro ao Barrio da Ponte. Punto de encontro: Porta San Fernando (Muralla Romana).

Para lucenses dos 18 aos 39 anos. 22 prazas por grupo.

**Actividade aberta.**

## OCIO CON FAMILIAS

**Das 11.00 ás 21.00h** (10 h diarias). Inclúe comida de balde.

Para familias lucenses. 20 familias por día (cada familia pode incorporar un máximo de 4-5 membros e mínimo de 2).

- **Domingo, 17 de agosto**: Parque de Frigsa (fronte ao Auditorio).
- **Domingo, 24 de agosto**: Paseo do Río Rato (fronte ao Centro de interpretación, ao lado da cafetería).
- **Domingo, 31 de agosto:** Xardín do Pazo de feiras.

**Actividade aberta.**

## MASTERCLASS DE HIP-HOP

Os días **25, 26, 27, 28, 29 e 30 de agosto das 20.00 ás 21.30 h.** na praza de **Augas Férreas.**

Para lucenses entre os 11 a os 17 anos. 60 prazas.

**Actividade aberta.**

## FOTOGRAFÍA CREATIVA CON SMARTPHONES

Os días **23, 24, 25, 26 e 27 de xuño das 10.30 ás 13.30 h** no **CC Uxío Novoneyra.**

Para lucenses a partir dos 18 anos de idade. 35 prazas.

**Inscricións: www.lugomasxti.org** (pestana Actividades/Inscricións) **entre o 16 de maio e o 16 de xuño.**

## BATALLA DE GALOS

**Sábado, 6 de setembro** das **19.30 ás 23.30 h** na praza de **Aguas Férreas**.

**Inscricións:** do 26 de maio ao 22 de agosto en **www.urbantour.es**.

ORGANIZA E FINANCIA:

MINISTERIO DE SANIDAD · SECRETARÍA DE ESTADO DE SANIDAD · DELEGACIÓN DEL GOBIERNO PARA EL PLAN NACIONAL SOBRE DROGAS

+XTI

Concello de Lugo ALCALDÍA | Xuventude e Deportes


Concello de Lugo
Área de Mobilidade e Infraestruturas
Por Lugo:
VAI EN BUS
> Máis barato, máis ecolóxico e sen buscar aparcamento
#activandoLugo

# INFORMACIÓN TURÍSTICA

CENTROS CULTURAIS - MUSEOS -
OFICINA DE TURISMO

# EXPLORA LUGO



### Museo MIHL

Av. Infanta Elena, s/n, 27003
982 297 446
museo.mihl@lugo.gal
instagram.com/mihl_museo/



### O Vello Cárcere

Praza da Constitución, s/n. 27002
982 297 195 vellocarcere@lugo.gal
facebook.com/OVelloCarcere
instagram.com/ovellocarcere/
twitter.com/o_vello_carcere




### Sala de Exposicións Porta Miñá

Rúa do Carme, 3, 27004
982 250 962 museo.porta@lugo.gal
facebook.com/lugomuseos/
instagram.com/museoslugo/



### Casa dos Mosaicos

Rúa Doutor Castro, 20, 22, 27001
982 25 48 15 casadosmosaicos@lugo.gal
facebook.com/lugomuseos/
instagram.com/museoslugo/



### Centro de Interpretación da Muralla

Praza do Campo, 11, 27001
982 251 658 cim@lugo.gal
facebook.com/lugomuseos/
instagram.com/museoslugo/



### Oficina de Turismo

Praza do Campo, 11, 27001
982 25 16 58 lugoturismo@lugo.gal
facebook.com/TurismodeLugo/

# EXPLORA LUGO



**Centro arqueolóxico San Roque**

Rúa Emilia Pardo Bazán s/n, 27002
982 801 105 museo.sroque@lugo.gal
facebook.com/lugomuseos/
instagram.com/museoslugo/



**Museo Provincial de Lugo**

Praza da Soidade s/n 27001
982 242 112 info@museolugo.org
facebook.com/redemuseisticaprovincial
twitter.com/RedeMuseistica



INFORMACIÓN TURÍSTICIA

# EXPLORA LUGO




**Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua**

Concello de Lugo
BIBLIOTECA MUNICIPAL ISIDRO NOVO

# CAMBIO DE HORARIO

A PARTIR DO
**1 DE XULLO**

**9.00 A 14.30** horas

Concello de Lugo

Área de Cultura, Turismo
e Promoción da Lingua

982 297 199

LugoTurismo

culturaturismolugo

LugoTurismo

**ENTRADASLUGO.ES**

Para recibir este boletín: envía a túa dirección de correo electrónico a 010@lugo.gal Asunto: boletín.